

o medio de traballo a prol do turismo e por iso a necesidade de constituír esta comisión coordinadora.

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 11 de xuño de 2009 adoptou, por proposta do conselleiro de Cultura e Turismo, o acordo polo que se crea a Comisión de Coordinación do Xacobeo 2010 e se establecen a súa composición e funcións.

Coa finalidade de favorecer o seu coñecemento e aplicación, publícase o devandito acordo como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2009.

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo  
Secretario xeral da Consellería de Cultura e Turismo

#### ANEXO

Primeiro.-Créase a Comisión de Coordinación do Xacobeo 2010, adscrita á Consellería de Cultura e Turismo, coas funcións e a composición que se establecen a continuación.

Segundo.-A Comisión de Coordinación do Xacobeo 2010 é o órgano de coordinación das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias relacionadas coa organización do Xacobeo 2010.

Correspóndenlle a esta Comisión de Coordinación do Xacobeo 2010 as seguintes funcións:

a) Adoptar os acordos necesarios para a correcta coordinación das administracións da comunidade autónoma en relación aos actos relacionados coa organización do Xacobeo 2010.

b) Propoñer as liñas de actuación da Xunta de Galicia e ter coñecemento das actuacións dos distintos órganos da Administración en relación á promoción, programación e execución dos actos do Xacobeo 2010.

c) Servir de canalización para a coordinación das actuacións necesarias nesta materia.

d) Coordinar a colaboración efectiva das distintas consellerías na realización dos programas acordados.

e) Calquera outra que, en relación con esta materia, lle sexa encomendada polo seu presidente.

Terceiro.-A comisión estará integrada polos seguintes membros:

a) Presidente: o conselleiro de Cultura e Turismo.

b) Vicepresidente: a secretaria xeral para o Turismo.

c) Vogais:

-O secretario xeral de Medios.

-A directora xeral de Comunicación.

-O secretario xeral de Emigración.

-A secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

-O director xeral de Emerxencias e Interior.

-Un representante da Consellería de Facenda con rango de director xeral.

-O director xeral do organismo autónomo Augas de Galicia.

-O director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

-A directora xeral de Asistencia Sanitaria.

-O director xeral do Patrimonio Cultural.

-O director xeral de Promoción e Difusión da Cultura.

-O director xeral de Xuventude e Voluntariado.

-O director xeral de Conservación da Natureza.

-O director xerente da *Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo*.

-A directora xerente de *Turgalicia, S.A.*

d) Secretario: un funcionario da Secretaría Xeral para o Turismo designado para tal efecto.

A comisión poderá convocar ás súas reunións a outros representantes da Administración da comunidade autónoma, cando a natureza dos asuntos que se vaian tratar o requira.

Cuarto.-A comisión reunirse logo da convocatoria do seu presidente, en pleno ou en subcomisións, cando o carácter sectorial dos asuntos que se vaian tratar así o aconselle.

Quinto.-No que non estea previsto por este acordo, o funcionamento da comisión rexerese polo disposto para os órganos colexiados pola Lei 30/1992, do 20 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Resolución do 18 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que, no marco dos programas de cooperación e dos programas mixtos de formación e emprego, se establecen os criterios necesarios para que se poidan cumprir os obxectivos establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, no tocante aos colectivos prioritarios.*

As ordes do 29 e 30 de decembro de 2008 da actual Consellería de Traballo e Benestar establecen, respectivamente, as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de uni-

dades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

As disposicións adicionais quinta e sétima, respectivamente, das ditas ordes establecen que por resolución do director xeral de Promoción do Emprego se poderán establecer os criterios necesarios para que, a través desta orde, en canto aos colectivos prioritarios, se poidan cumprir os obxectivos establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, de acordo coas directrices de emprego europeas e o acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia subscrito como resultado do diálogo social en Galicia pola Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o S.N. de CC.OO. de Galicia e as demais normativa e acordos que, se é o caso, resulten de aplicación.

Pola súa banda, a exposición de motivos da Orde do 29 de decembro, de programas de cooperación, establece como un dos seus obxectivos facilitar a mobilidade profesional desde os sectores máis castigados pola situación actual a outros con necesidades de traballadores, ademais de potenciar aqueles sectores emerxentes que ofrecen unha demanda de traballo, polo que, de acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), entidade que representa a todas as entidades locais que van contratar os traballadores e traballadoras desempregados, cómpre orientar a súa contratación naqueles programas e medidas pendentes de resolución cara a actividades vinculadas aos novos viveiros de emprego que lles ofrezan maiores oportunidades de readaptación ao ámbito laboral.

Así, ante a grave situación actual do desemprego, debemos reforzar de maneira inmediata a protección dos traballadores desempregados afectados que consumisen xa as prestacións e subsidios por desemprego, de tal maneira que os ámbitos de actividade a través dos cales se desenvolven as accións de colaboración entre o Servizo Público de Emprego de Galicia e organismos públicos ou entidades sen ánimo de lucro, sexan os máis susceptibles de xerar posibilidades de colocación para estes desempregados.

Coa finalidade de achegar a xestión dos programas de Cooperación e dos Mixtos de Formación e Emprego ao cumprimento dos obxectivos expostos; de mellorar a empregabilidade dos demandantes de emprego a través de contratos de traballo de entre 6 e 9 meses que lles facilite unha práctica profesional adecuada para a súa reinserción laboral, e no uso das facultades atribuídas nas disposicións derradeira primeira das anteditas ordes dítase as seguintes

Instrucións:

Primeira.-No marco dos programas de Cooperación e dos Mixtos de Formación e Emprego regulados nas ordes de 29 e 30 de decembro de 2008, respectivamente, e, para os efectos da selección dos traballadores e das traballadoras desempregados/as

para participar nas accións previstas neles, consideraranse como colectivo prioritario, para este exercicio, as persoas paradas que consumisen a totalidade das prestacións e subsidios por desemprego a que tiñan dereito.

Segunda.-A contratación dos traballadores e traballadoras desempregados naqueles programas e medidas pendentes de resolución realizarase en actividades vinculadas aos novos viveiros de emprego que lles ofrezan maiores oportunidades de readaptación ao ámbito laboral, entre as cales estarán as dirixidas á prestación de servizos relacionados con:

- a) Servizos ambientais, de medidas forestais e de ámbito rural.
- b) Servizos sociais, educativos e relacionadas coa muller.
- c) Servizos relacionados coa cultura, o turismo e o deporte.
- d) Servizos de protección civil, seguridade e outras obras.
- e) Servizos administrativos de informática e de novas tecnoloxías de información e comunicación.

#### *Disposición derradeira*

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

Andrés Hermida Trastoy  
Director xeral de Promoción do Emprego

## **IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

*Resolución do 16 de xuño de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre, no corpo superior de administración da Xunta de Galicia, escala superior de finanzas.*

En sesión realizada o día 15 de xuño de 2009, o tribunal designado pola Orde do 3 de outubro de 2008 para xulgar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre, no corpo superior de administración da Xunta de Galicia, escala superior de finanzas, convocado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 10 de marzo de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 56, do 24 de marzo),

#### *ACORDOU:*

Primeiro.-Declarar o aspirante exento da realización do quinto exercicio por ter presentada a docu-